

DESCARTES. O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO CÓGITO.

Descartes: vida e obras

René Descartes naceu na vila francesa de La Haye en 1596. Fillo dun membro da pequena nobreza, ingresou aos 10 anos no colexio de La Flèche, dirixido polos xesuítas. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Poitiers. En 1618 incorpórase á vida militar na Escola de Guerra Internacional fundada polo príncipe holandés Maurice de Nassau. Posteriormente enrolábase nas tropas do duque de Baviera que participan na Guerra dos Trinta Anos. En 1620 abandona a carreira militar e regresa a Francia. Despois dunha longa viaxe por Italia, dáse a coñecer nos círculos filosóficos de París. Unha pensión familiar permitíralle vivir, folgada aínda que modestamente, dedicado en exclusiva á filosofía. En 1628 instálase en Holanda, onde cre poder atopar acougo e liberdade para os seus estudos. A finais de 1633, decátase da condena de Galileo pola Inquisición e decide renunciar á publicación da súa obra na que defendía, como o físico italiano, a teoría heliocéntrica combatida pola Igrexa. Toda a súa vida manterá esta actitude de cautela fronte os poderes eclesiásticos e civís, o que non lle evitará ser obxecto de acusacións de ateísmo e sufrir persecucións xudiciais. A publicación das súas primeiras obras concédelle sona en toda Europa. En 1649 a raíña Cristina de Suecia convídalo a viaxar ao seu país. O xeadado inverno sueco fíxolle coller unha pneumonía e morre en febreiro de 1650.

Descartes é un dos primeiros filósofos en publicar obras escritas na súa lingua vernácula, o francés. Non obstante, a maioría escribíbeas en latín, a lingua das Universidades e dos círculos cultos, asinándoas co seu nome latinizado: *Cartesius*, el provén a denominación de “cartesiano” como todo o concernente a Descartes e as súas ideas.

Obras:

- *Discurso do método* (1637). Publicada orixinalmente en francés, acompañada de tres tratados científicos: Dióptrica, Meteoros e Xeometría.
- *Meditacións metafísicas* (1641).
- *Os Principios da Filosofía* (1644).
- *As Paixóns da Alma* (1649).
- Postumamente publicáronse: *O Mundo ou Tratado da Luz*, *Tratado do Home* e as *Regras para a Dirección do Espírito*, obra que deixou inacabada.

Introducción

Descartes pasa por ser o “pai” da filosofía moderna porque o seu pensamento supón unha ruptura co dogmatismo anterior. Descartes **reivindica a autonomía da razón e ten confianza na súa capacidade para acadar a verdade. Toma como modelo a dedución matemática que tan bos resultados estaba acadando na nova ciencia inaugurada por Galileo, e trata de probar que é posible a construción dun método exclusivamente racional capaz de proporcionar coñecementos verdadeiros.**

No *Discurso do método*, **somete a crítica todos os saberes do seu tempo. Nada superará esa crítica agás as matemáticas, única ciencia que proporciona evidencia e certeza nas súas demostracións. O proxecto cartesiano vai radicar xustamente en aplicar a certeza matemática para alén do campo desas “artes mecánicas”, isto é, do**

que hoxe chamariamos física mecánica ou física aplicada. Do que se tratará é de construír unha “matemática universal” mediante a cal, partindo duns axiomas elementais, ou sexa, dunhas verdades evidentes por si mesmas, deducir delas todo coñecemento posible sobre a totalidade do real. Descartes entende, polo tanto, que o método que comezaba a aplicarse con éxito na física —o método matemático dedutivo— debería trocarse en método científico universal, aplicable sobre calquera obxecto de estudio, porque tódalas ciencias teñen en común o coñecemento a través da razón e a aplicación dun método.

Racionalismo é o nome que recibirá a corrente filosófica promovida por Descartes, á que pertencen tamén o holandés Spinoza, o alemán Leibniz e mesmo o tamén francés Pascal. As características comúns do racionalismo poden ser sintetizadas nas seguintes:

a) A confianza na posibilidade de fundar unha **ciencia universal** capaz de dar resposta a calquera tipo de problema tomándo como modelo a ciencia matemática.

b) O razoamento **axiomático dedutivo**, propio da matemática require a identificación dos axiomas básicos e a garantía de que sexan verdadeiros.

c) Estes principios, axiomas ou primeiras verdades **non poden ser atopados mediante o coñecemento sensorial**, senón derivados exclusivamente **da propia razón**.

d) **O optimismo cara o coñecemento e as posibilidades que ten para coñecer o mundo sen erro**. Nese optimismo xoga un papel sobranceiro a **concepción de Deus como ser perfecto** garante da orde do mundo e da capacidade da mente humana para coñecer e explicar esa orde.

O método cartesiano

Descartes propónse a construción dun **método** que, ao aplicalo, permita desterrar calquera erro e avanzar no coñecemento da verdade.

No *Discurso do método* tan só nos propón catro sinxelas regras que encerrarían a esencia da “matemática universal”. O método desta matemática universal podemos definilo como **axiomático dedutivo** ou tamén **intuitivo dedutivo**, no sentido de que a identificación dos axiomas que deberemos adoptar como principios para todo procedemento dedutivo é resultado dunha **evidencia intuitiva**, isto é, preséntansenos á razón como verdadeiros, non como resultado dun proceso argumentativo (como será o caso das verdades deducidas) senón como algo inmediato.

Descartes da a seguinte **definición do método**: “Conxunto de regras certas e fáciles, grazas as cales quen as observe exactamente nunca tomará o falso por verdadeiro e, non empregando inutilmente esforzo ningún da mente, senón aumentando gradualmente a ciencia, chegará ó coñecemento de todas aquelas cousas das que sexa capaz”.

O método mantén as seguintes regras:

1. **A evidencia** consiste en **aceptar como verdadeiro só aquilo que é claro e distinto**. Unha idea é **clara** en tanto que se presenta manifesta na intelixencia que a intúe. Unha idea será **distinta** en tanto que está separada doutras ideas e, polo tanto, non contén nada que pertenza as demais ideas. A claridade e a distinción serán as notas distintivas das **ideas evidentes** ou **naturezas simples**. A evidencia impón xa que logo que só debemos aceptar como verdadeiro aquilo que se impón como tal á razón, é dicir, o que intuitivamente (de xeito non mediado) a razón así o recoñece (por exemplo a definición de punto ou liña en matemáticas)

2. **O análise** consiste en **dividir os problemas complexos nas súas partes co**

obxecto de identificar nesas partes as evidencias intuitivas, se as hai, porque moitas veces non somos quen de distinguilas por se presentaren mesturadas con outras ideas ou xuízos non evidentes. O análise permite descubrir, xa que logo, a verdade das ideas máis simples mediante a intuición.

3. **A síntese**, isto é, de **integración de elementos diversos nunha unidade argumentativa**, na que as evidencias intuitivas ou axiomas da razón deben ocupar o lugar dos fundamentos a partir dos cales, mediante un procedemento inferencial, se deriva a verdade doutros elementos non intuitivamente verdadeiros.

4. **A enumeración** implica volver sobre o proceso todo para asegurármonos de que non omitimos ningún paso, nin cometemos erro algún na aplicación de cada un dos pasos e que, polo tanto, a síntese final é correcta. Implica, por tanto, facer en todo uns recontos tan integrais e unha revisións tan xerais, de maneira que poidamos estar seguros de non omitir nada.

Cabe, pois, distinguir os seguintes elementos implicados no método: a intuición e a dedución e a orde.

A intuición é a base do coñecemento e grazas a ela separamos o verdadeiro do que non é certo. É unha especie de “luz ou instinto natural”, polo que captamos, sen posibilidade de erro, e de forma inmediata, os conceptos simples que xorden da razón mesma. En palabras do propio Descartes: “Entendo por intuición, non a crenza nos xuízos enganosos da imaxinación —mala reguladora— senón a concepción dun espírito san e atento, tan distinta e tan fácil que ningunha dúbida quede sobre o coñecido, ou o que é o mesmo, a concepción firme que nace nun espírito san e atento, polas luces naturais da razón”.

A **dedución** ou inferencia permítenos derivar as novas ideas a partir das que xa coñecemos. É unha intuición sucesiva das naturezas simples e das conexións que existen entre elas. Segundo as palabras de Descartes: “a dedución consiste nunha operación pola cal comprendemos todas as cousas que son consecuencia necesaria doutras coñecidas por nós con toda certeza”.

Finalmente, a **orde** é a que nos permite situar, no lugar do caos aparente da experiencia sensorial, unha disposición racional, que é xustamente o obxectivo da ciencia.

A dúbida.

A primeira regra do método, a evidencia, esixe a eliminación de calquera dúbida sobre as proposicións das que parte o coñecemento. A dúbida representa a parte crítica do método, que permitirá discriminar entre todos os saberes ata entón aceptados, cales serán capaces de superar a crítica metódica e cales non. Pero desde o primeiro momento terá coidado en salientar que esta **dúbida metódica** non debe ser confundida coa “dúbida dos escépticos”. A dúbida escéptica renuncia, de feito, á verdade, que considera imposible, mentres que a dúbida metódica é xustamente o camiño para desbotar o erro e así chegar á verdade indubidable, á certeza.

Pero a dúbida cartesiana non é un mero escepticismo, senón que se trata dun procedemento dialéctico de investigación que pretende chegar a primeira verdade evidente, a primeira natureza simple, a primeira idea clara e distinta; trátase, por tanto, dunha dúbida **metódica**, non escéptica. Ademais é unha dúbida **universal**, xa que afectara a todos as certezas e coñecementos que posuímos. Porén, é **teorética**, non práctica, e dicir, afectará os coñecementos pero non se estende a conduta ou vida práctica.

É voluntaria, porque depende da nosa vontade. É **hiperbólica** ou esaxerada, xa que nos convida a dubidar non só do que consideramos falso, senón tamén daquilo que poida suscitar en nos calquera sospeita.

Descartes proporá tres motivos fundamentais que nos poden levar a dubidar dos nosos coñecementos:

a) **A testemuña enganosa dos sentidos:** os sentidos engánanos algunhas veces, ademais teñen moitas limitacións polo que non son fiables e debemos rexeitar a información proporcionada por eles. Descartes, pon aquí en cuestión as nosas percepcións.

b) **A confusión do sono e da vixilia:** Descartes lembraranos que carecemos dun criterio firme para distinguir **as fronteiras entre o sono e a vixilia**, e que polo tanto ¿quen che pode asegurar que, no canto de estar desperto e lendo, non estás durmido e soñando que les este libro? Neste segundo momento da dúbida, Descartes, porá en cuestión ademais das percepcións a existencia da realidade mesma e, por conseguinte das ciencias como a física.

c) **A hipótese de Deus como xenio malo** pon en dúbida mesmo a seguridade nas certezaas matemáticas, non porque en si mesmas perdan o seu carácter de verdades autoevidentes (lembrems: dúas máis dúas son catro, soñemos ou esteamos despertos), senón en tanto que mediante elas podíamos pretender coñecer a verdade do real existente. Quizais, despois de todo, un Deus burlón dotounos de pensamento matemático, con toda a súa exactitude e precisión, pero un pensamento perfectamente inútil porque canto hai (e ata o de agora nada sabemos sobre que é iso que hai, xa que permanecemos aínda na dúbida) non é en absoluto matematizable.

A dúbida metódica, é dicir, a dúbida radical incorporada ao método como a súa primeira esixencia, mergullounos na máis escura das incertezas. De nada podemos estar xa seguros, nin sequera das matemáticas que nun primeiro momento semellaban resistentes á dúbida.

O cogito como primeira certeza

Pero Descartes descubre aínda así unha verdade que supera calquera dos graos de dúbida. Por moito que se queira dubidar, o acto de pensar é incuestionable, porque a dúbida é un proceso de pensamento. Así chega a un enunciado que é verdadeiro, mesmo aínda que exista un xenio maligno: **Eu penso, logo eu son. Unha verdade que non pode negar nin sequera un esceptico e que constitúe o axioma ou primeiro principio sobre o que se construírá o resto do pensamento seguindo as regras do método.** É o “*cogito*” (pensamento) —da versión latina: “*Cogito ergo sum*”— no que Descartes cre atopar o seu punto de apoio co que, coma un Arquímedes da nova ciencia universal, agarda poder construír todo un mundo de coñecementos. Pero, tan elemental evidencia —a de que, por moito que dubide de todo, non podo dubidar de que, xustamente en tanto que dubido, que **penso**, necesariamente **son**—

Cal é a natureza dese cógito será o obxecto da seguinte investigación de Descartes. En que consiste ese “ser que pensa” do que non se pode dubidar porque constitúe a condición para que a mesma dúbida sexa posible. Por suposto ese “eu que pensa” non inclúe o corpo, que está aínda suxeito á dubida, ou, dito doutro xeito, podo seguir dubidando de que eu sexa un corpo aínda que non podo dubidar de que eu son algo.

O “cogito” ou “eu” non é para Descartes mais que unha cousa que executa actos de pensamento, **é dicir, que dúbida, que concibe, que afirma, que nega, que quere, que**

non quere, que imaxina tamén, e que sente” Todas estas accións do pensamento existen e delas teño certeza. As ideas que poboan a miña mente existen na miña mente pero non podo saber con seguridade se existen fora, no mundo físico, nin podo estar seguro tampouco de que existan outros “eu”, outras “res cogitans”.

As ideas e o criterio de certeza

Descartes concíbe as **ideas** como contidos mentais que poden representar cousas do mundo físico ou imaxinario. Podo ter certeza dunha idea, do seu significado e non estar seguro da súa “verdade”, da existencia, fora da miña mente, das cousas que representa. a mediación entre o suxeito pensante e as cousas posto que o pensamento opera sempre sobre as ideas, nunca sobre as cousas mesmas. Descartes divide as ideas en tres tipos para reflexionar sobre a verdade que poden proporcionarnos as ideas.

Para dar resposta a esta pregunta cómpre analizar as ideas mesmas, e Descartes distingue tres tipos:

1. ideas **innatas**, as que nacen coa mente e non proceden da experiencia (conceptos matemáticos)
2. as **adventicias**, que xorden a través da experiencia (os conceptos de obxectos físicos ou naturais)
3. as **ficticias**, que crea a mente por composición de outras ideas. (os conceptos de seres imaxinarios)

Tanto das ideas adventicias, que dependen da sensibilidade, como as ficticias que dependen da imaxinación, non podemos garantir a súa verdade, porque o único que podemos garantir é que existen na nosa mente. En cambio as ideas innatas, que non dependen da existencia do mundo exterior para ser seguras, poden ser os axiomas a partir dos cales se constrúa o coñecemento seguro -os axiomas da razón ou “verdades eternas”—, das que deberemos deducir as restantes verdades, nacen na mente mesma sen intervención exterior e sosteñen a súa evidencia na presenza intuitiva diante da mente. As ideas innatas (exemplo o principio de identidade ou de non contradicción) teñen as mesmas cualidades do cogito, **son ideas claras e distintas**. A súa verdade é evidente e non precisan explicación ningunha.

Pero se estas ideas innatas están na mente deben ter unha causa, se esta non é o mundo sensible, debe ou ben ser o propio “eu” (cogito) ou ben outra entidade diferente de min mesmo. Descartes afirma que ao analizar as ideas innatas atopamos algunhas que, polas súas características, non poden ter a orixe no propio pensamento, pois o pensamento non pode pensar en cualidades que el mesmo non ten como por exemplo a idea de infinito, de eternidade de omnisciencia ou omnipotencia.

Para Descartes a presenza da idea de Deus no pensamento debe ter a súa causa na existencia de Deus mesmo, xa que a idea de un ser perfecto non pode ser producida por un ser imperfecto como o meu “eu”. A existencia na mente de esta idea é xa unha proba da existencia de Deus, **pola marca impresa** que deixa na mente.

Ademais ese “ser perfecto”, Deus, ten necesariamente que existir pous a súa perfección non pode excluír a existencia. E se é **non pode ser un xenio enganador**, así que as ideas que percibo de forma clara e distinta, tamén a idea de que os obxectos físico e o meu corpo existen deben ser verdadeiros. **Deus pasa a ser interpretado agora como garante da certeza de tódalas nosas ideas.**

A idea de substancia en Descartes. As tres substancias: substancia pensante (res

cogitans), substancia extensa (res extensa) e substancia infinita (res infinita).

O sistema de Descartes lévanos a tres ideas claras que se corresponden coas chamadas tres sustancias: o pensamento ou espírito : “*res cogitans*”, Deus: “*res infinita*” e as cousas: “*res extensa*”.

Por **substancia** entende “unha cousa que existe de tal xeito que ela non ten necesidade máis que de si mesmo para existir”. Aínda que esta definición só se podería aplicar estritamente a Deus, xa que, só Deus pode existir por si mesmo, e por tanto, só el é sustancia propiamente. Sin embargo tamén podemos dicir, que unha vez creadas, as cousas físicas que captamos polos sentidos, son substancias porque son **cousas exteriores e distintas de nós que están representadas na nosa mente por as ideas correspondentes**.

Estes son os **tres tipos de substancias** existentes para Descartes:

A **Deus** (res infinita). A súa característica é a perfección. Deus é a causa da existencia do universo físico extenso e quen o dotou das leis que rexen o seu movemento.

O **pensamento** ou espírito (*res cogitans*), o seu atributo é o pensamento.

As **cousas** materiais (*res extensa*) a súa característica fundamental é a extensión, é dicir, a propiedade de que o seu ser pode ser reducible a determinadas cantidades medibles. Agás a alma humana, todo canto no mundo hai é substancia extensa, incluído o propio corpo humano. O mundo está constituído de tal modo que o seu funcionamento se deduce necesariamente dos principios que determinan o comportamento das partes que o compoñen. Para explicalo, Descartes recorre en varias ocasións á metáfora do reloxeiro ou o construtor de autómatas. Do mesmo xeito que para prever a marcha futura das agullas dun reloxo eu non preciso coñecer as intencións que o seu construtor tivo ao facelo (para gañar cartos, para obter sona ou por calquera outro motivo), senón só as regras que rexen o funcionamento das pezas mecánicas de que está formado, nós poderemos chegar a prever o comportamento de calquera dos corpos físicos —pezas da gran máquina do mundo— en canto coñezamos as leis exactas que dirixen os seus movementos. Todo fenómeno físico está, pois, rixidamente determinado polo lugar que ocupa dentro da gran máquina ou mecanismo universal. Por iso a concepción física cartesiana pode ser cualificada como **mecanicista** e determinista, e implica a exclusión de toda interpretación teleolóxica (finalista) para a explicación do mundo físico e a conversión da Física nunha ciencia puramente cuantitativa.